

## 2.- Os outros camiños da Mariña Lufuesa.

Neste apartado imos falar do outro grande camiño de peregrinación da Mariña Lucense, o que denominamos o Camiño de Mar. Non nos estenderemos moito xa que este tema aparece estudado en profundidade no libro *O Camiño de Santiago na Mariña Lucense* editado pola S. A. de Xestión do Xacobeo no ano 2004.

Como ben sabe o lector para que un camiño, simple ruta de tránsito, se converta nunha vía de peregrinación debe cumprir tres requisitos:

- A existencia dun camiño físico, tema que imos desenrolar.
- Unha rede hospitalaria en torno a ese camiño, algo que vimos no apartado de hospitais.
- A presenza continuada de peregrinos acolléndose neses hospitais e percorrendo ese camiño, tal e como veremos no apartado dedicado aos peregrinos.

¿ Existe un camiño físico dende Ribadeo ata Viveiro? E de ser isto certo ¿ dende cando?

Rastrexar o trazado deste camiño de peregrinación non é tarefa sinxela, obrigando a unha exhaustiva consulta de apeos de bens de varias parroquias. Os datos que estes aportan son moi puntuais co que nos obriga a unha sinalización teórica entre os puntos por onde si sabemos pasaba o camiño.

De Ribadeo ata a Ponte da Espiñeira había un camiño do que temos constancia xa no ano 1419. Cando o bispo don Xil Soutelo afora o terreo de Escotajugos, na parroquia de Barreiros dise que linda "*da huna parte do Rego de Escotajugos et da outra parte da herdade de Johan Lopes et da outra parte do carreiro que ven de Ribadeu para a ponte da Espineyra*".<sup>81</sup> Outras referencias a este camiño en Barreiros datan de 1589. Neste ano lévase a cabo un apeo das propiedades que o Cabido posuía nesta parroquia e nel atopamos referencias como as seguintes:

---

<sup>81</sup> Cal Pardo, H.: *Tumbos de la catedral de Mondoñedo. Tumbo Pechado*. Páxina 228.

- Na Veiga da *Longara*, unha herdade chamada *As Pereiras*, preto da fonte de Saa; linda esta finca “*en el Camino franzes que viene de la puente de la espiñeira para Rivadeo y de otra parte en el Camino que viene de las Leiras y va para San Cosme*”<sup>82</sup>.

- Na veiga das Leiras no lugar coñecido como Saa unha leira que linda “*de la parte de arriba en el Camino publico franzes, que va de la puente da Espiñeira para Rivadeo*”.

- A finca coñecida como a *Veiga de Villaboa*, tamén en Barreiros, linda “*con el camino franzes que ba de Rivadeo para la puente de la Espiñeira*”<sup>83</sup>.

¿Onde estaba a ponte da Espiñeira? Hoxe en día os concellos de Foz e Barreiros, separados polo río Masma, están unidos por unha ponte coñecida como a da Espiñeira. Esta denominación pódenos levar a engano e facernos pensar que aí estaba a ponte da que falamos. Non, realmente a poboación coñecida como a Espiñeira está no outro lado da ría, no concello de Foz. A ponte que nos ocupa sería de madeira e de dimensións moito máis reducidas que calquera das dúas pontes da Espiñeira que hoxe cruzan o Masma.

Sabemos que no ano 1395 xa estaba construída. Fernando Eanes vende unha finca sita na parroquia de San Xoán de Vilaronte o 23 de marzo deste ano, sobre os lindes da finca dise: “*feyta esta carta enna Marina de San Cosmede, açerca da ponte da Espyneyra dia et era sobreditas*”<sup>84</sup>.

No ano 1531, no testamento de Vasco López de Moscoso hai unha manda “*para ayudar de enderezar el puente de espyñeyra dos reales*”, arranxo que aínda non se levará a cabo no ano 1593 “*sepades que Domingo de Rego Cavado, vezino de la çiudad de Mondoñedo, nos hiço relacion de que avia venido a nuestra corte con orden de los veçinos del coto de San Martino de Mondoñedo a seguir cierto pleito que el dicho coto y otros lugares de su comarca trataban en el nuestro consejo sobre el edificio y reparo de la puente des Piñeira*”<sup>85</sup>.

<sup>82</sup> Arquivo Catedralicio de Mondoñedo. San Cosme de Barreiros. Apeo 1589. Armario 3, nº 18.

<sup>83</sup> Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Secretaría de Cámara. Apeo de bens 1596, fol 167 v.

<sup>84</sup> Cal Pardo, H.: *Tumbos de la catedral de Mondoñedo. Tombo Pechado*, páxina 103.

<sup>85</sup> García Oro, X.: *Vivero en el siglo XVI*, páxina 230-31, apéndice 104.

Deixamos o camiño polo tanto na citada ponte e chegaremos a San Martiño de Mondoñedo, onde o volvemos a atopar referencias a Camiño Francés nun interesante apeo do ano 1540.

Da antiga sé episcopal saen dous camiños franceses, un que vai ata Mañente, despois ata Foz e seguindo pola costa ata a ponte de Vilarmeia, en Fazouro, o segundo vai dende San Martiño pola ermida do Bispo Santo ata a citada ponte de Fazouro.

O primeiro dos trazados sabemos por onde vai: *“en el termino de Santiago de Foz e de Sant Martino de Mondonedo e yba por el camino françes para Porto e que asi se parte de segun va el camino al lugar de Porto se va por el dicho camino françes del Soto de Boymença e se para por la oma de la presa del molino dos Novees e se va por el camino a Caynzal por el dicho camino e de otra parte para el tarreo de Juan Palmeyro e camino que viene de Villa Cendoy e va para Manente”*<sup>86</sup>. Neste lugar de Mañente atopamos unha finca, no lugar da Granda que entre os seus lindes figura *“e de otra parte en el camino françes que ba para Ribadeo”*, polo tanto aquí temos o mesmo camiño que estamos a seguir dende a vila ribadense. Descoñecemos o trazado desta vía pola parroquia de Santiago de Foz, pero si sabemos que chega á ponte de Vilarmeia, paso obrigado para cruza-lo río Ouro. A esta ponte chega o segundo trazado do Camiño Francés que sae de San Martiño *“huna cortynna de herdade con sua pumarega que jas enno fondal dela que he da dita suçeson et jas enno lugar de Vilarmeia onde dizen a Hermida como se departe da huna parte do camino françes que sal do couto de San Martinno et vay para a ponte de Fazouro et ençima testa enno camino que sal da aldea et vay para o soto”*.<sup>87</sup> Unha vez cruzado o río Ouro debemos percorrer a parroquia de Nois, nela pasamos pola Veiga de Candín que *“testa de unna parte en el camino françes que viene de Bivero y ba para Rivadeo”*<sup>88</sup>.

Temos logo constancia de que existe un camiño que une Ribadeo con Viveiro. ¿E dende esta última vila ata onde vai o camiño? En 1585 hai un preito para apropiarse das rendas do hospital de Santa Ana de Celeiro e agregalas ao novo hospital do señor Santiago na vila de Viveiro. Neste preito o procurador xeneral da vila, Xoán López de Andrade, define a vila como *“lugar posadero de romeros y de todos los que van en Romeria al Señor Santiago y a San Salvador de Oviedo y*

<sup>86</sup> Arquivo Catedralicio de Mondoñedo. San Martiño. Apeo 1540, fol. 80 v.

<sup>87</sup> Arquivo Catedralicio de Mondoñedo. Tumbo Pechado, fol 134r.

<sup>88</sup> Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Secretaría de Cámara. Apeo de bens 1596, fol 600.

*hacen noche en ella*". Unha das testemuñas do preito Xoán da Veiga, de 40 anos, confirma a existencia en Viveiro do Hospital de Santiago onde *"se han recoxido viaxantes ordinariamente y los pobres y pelegrinos que a ella quieren ir a posar y les hacen muy buen tratamiento, los cuales son en mucha cantidad de ordinario por ser esta dicha villa lugar grande y çercado en puerto de mar y que esta en camyno muy pasaxero asi de las Asturias como para el Señor Santiago de este Reino, como para otras partes"*<sup>89</sup>. Outra das testemuñas deste preito é Gómez González de Cora para quen Viveiro é unha vila importante por *"estar en camino muy pasaxero de las Asturias y Vizcaya y otras partes para el Hospital Real de Santiago, Portugal y otros muchos lugares"*.

No ano 1687 os veciños de Viveiro solicitan á corte unha cantidade económica para o arranxo da ponte da Misericordia, o seu deplorable estado perxudicaba aos *"trajineros y pasajeros, por ser como era el paso real dicha puente para las villas de Ribabeo, ciudades de la Coruña, Lugo y Mondoñedo y para las Asturias y otras partes"*<sup>90</sup>.

En Viveiro, como acontece en Ribadeo, o camiño bifurca, un ramal vai seguindo o trazado da costa e outro polo interior chega ata a vila de Vilalba. Este último empalma co Camiño do Norte e o primeiro chega ata Neda para unirse co Camiño Inglés. Ambos son camiños a Santiago de Compostela.

<sup>89</sup> Arquivo Municipal de Viveiro. Libro de Contas do Hospital de Celeiro, mazo 60/A, documentos 4 e seguintes. Deste documento faise eco Carlos Adrán Goás no seu traballo sobre o hospital do señor Santiago na vila de Viveiro.

<sup>90</sup> Domapetry Iribarnegaray, X. *Historia de Viveiro y su concejo*, páxina 185.